

# CIRCULAR 240

INFORMATIVA DO  
COLEXIO OFICIAL DE  
PSICOLOXÍA DE GALICIA

XANEIRO / FEBREIRO 2013

tem

de

mo

## XUNTA DE GOBERNO



**Mª Rosa Álvarez Prada**

Decana



**Hipólito Puente Carracedo**

Vicedecano / Coordinador da Comisión Intersectorial de Mediación / Responsable da Páxina Web



**Concepción Fernández Fernández**

Secretaria



**Mª Concepción Prado Álvarez**

Vicesecretaria / Responsable de Empleo / Responsable da Biblioteca



**Miguel A. Chouza Ponte**

Tesoureiro / Responsable de Servizos



**José Luis Domínguez Rey**

Vogal / Responsable da Circular Informativa e Correspondente de Infocop



**Antonio González Fernández**

Vogal / Coordinador da Xunta de Goberno coa Comisión de Ética e Deontoloxía



**Ana Isabel Martínez Arranz**

Vogal / Coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE)



**Eva Muíño Gómez**

Vogal / Coordinadora do Grupo de Traballo de Tráfico e Seguridade



**José Manuel Oreiro Blanco**

Vogal / Responsable de Cadernos de Psicoloxía



**Concepción Rodríguez Pérez**

Vogal / Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero / Vogalía de Dinámica Sociocultural



**Víctor Manuel Torrado Oubiña**

Vogal / Vogalía de Formación



**Marta Rivas Rodríguez**

Vogal

### PRÓXIMA CIRCULAR INFORMATIVA DO COPG

Será a N° 241 de marzo/abril de 2013,  
e sairá a principios do mes de maio de 2013.  
A información terá que ser remitida como data límite  
o 15 de abril.

5	<b>Información Xeral</b>
11	<b>Información das Seccións</b>
17	<b>Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE)</b>
19	<b>Grupo de Tráfico e Seguridade</b>
20	<b>Últimos Colexiados e Colexiadas de Galicia</b>
21	<b>Comisión de Ética e Deontoloxía</b>
23	<b>Cursos, Xornadas e Congresos</b>

## Editorial

---

### **Muller e traballo: Crítico na crise**

É crítico tomar moi en serio a loita contra a discriminación da muller no eido laboral, pois se estabamos lonxe do ideal de igualdade no emprego para homes e mulleres, a crise económica veu agravar a situación incrementando esta distancia entre homes e mulleres. Esta situación inxusta que directamente padece o colectivo feminino, vai a longo prazo contra toda a clase traballadora. Tal como se mostra o Informe da Comisión Europea ao afirmar que a igualdade entre homes e mulleres leva ao crecemento económico. Mais as cuestións que temos que tocar se queremos abordar o tema do emprego das mulleres, co agravante da crise, son varias. A primeira destas cuestións fai referencia á maior taxa de desemprego feminino, a pesar de que algúns titulares podan chamar a engano cando falan de que son mais de oitocentos mil fogares nos que ningún membro está empregado, contabilizando esas situacións como acontecéndolle a cabezas de familia homes; ignorando que neses mesmos fogares hai mulleres igualmente preparadas, ou máis, co mesmo desexo de acceder a un emprego.

Ao feito das mulleres empregadas seren moitas menos que os homes empregados temos que sumar que as mulleres, xuntos coas persoas inmigrantes e outros colectivos desfavorecidos, seguen a ocupar con maior frecuencia postos de traballo a tempo parcial, contratos temporais e subempregos. Coas consecuencias inferiores cotizacións, o que implica menores pensións de

---

### **AVISO**

Unicamente se envían as comunicacións do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia por correo electrónico.

Se aínda non facilitaches un enderezo de correo electrónico para recibir a correspondencia do COPG por e-mail, pregámosche que a fin de enviarche dita información nos facilites o teu correo electrónico á maior brevidade posible, senón NON poderás recibir información do Colexio.

xubilación o que conduce a unha maior pobreza, o que fai que os efectos da crise sexan moito máis devastadores para o colectivo feminino.

Por outro lado vemos como diminúen os recursos públicos destinados a áreas como educación, sanidade, servizos sociais etc., precisamente no momento en que as familias máis o necesitarían. Isto leva parello un aumento do estrés nas mulleres pois habitualmente son elas as que se encargan de administrar tanto os recursos como as carencias nas familias. Se ademais tomamos en consideración que as medidas para fomentar e apoiar o emprego van á industria automobilística e ao sector da construción, podemos afirmar que o fomento do emprego feminino neste momento é nulo; agravado aínda máis coa falta de recursos destinados a fomentar a igualdade de xénero e combater a desigualdade arrastrada historicamente. Lamentablemente incluso a loita contra a violencia de xénero pasa a ter menos recursos precisamente no medio dunha realidade que a leva a agravarse.

Ante esta situación de maior desigualdade e desprotección, desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia queremos pedir á Administración e aos poderes públicos que tomen as medidas necesarias para combater esta sangrante discriminación da muller no ámbito laboral. Salientando que protexer á muller axuda a protexer a todos os colectivos, incluído o do colectivo masculino, privilexiado. Sabemos que a perda de dereitos no colectivo feminino leva consigo a diminución do poder do sector masculino, pois as empresas contan con máis capacidade de manobra para decidiren as políticas empresariais. Polo tanto defender os dereitos das mulleres no traballo leva a beneficios para todo o sector asalariado; dito doutra forma: defender os dereitos das mulleres no mundo laboral, leva a melloras tanto para homes como para mulleres nese ámbito. Desde as distintas áreas de atención do noso colexio profesional queremos tamén reclamar a implantación de políticas para fomentar a co-responsabilidade no fogar; así como o incremento dos recursos destinados á atención da dependencia nos fogares, pois sabido é que recae sobre as mulleres. En definitiva tomar en serio a tarefa de eliminar a situación de discriminación que a muller continua a padecer no mundo laboral.

## AVISOS

---

### Renovación carnés

Se o teu carné está caducado ou caduca en breve, solicita a súa renovación na Administración do Colexio, por teléfono ou por e-mail.

### Títulos de Licenciatura en Psicoloxía

Lembrámoslle a todas as persoas que se colexiaron co depósito do título de licenciatura e que aínda non presentaron o título orixinal, que deberán facelo á maior brevidade posible para o seu rexistro. Deberán traer orixinal e copia, ou enviar unha fotocopia compulsada para archivar no seu expediente colexial.

## Relacións institucionais

---

A Decana do COPG, M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada, asistiu á xuntanza ca Comisión Permanente da Unión Profesional de Galicia que tivo lugar en Santiago de Compostela o 9 de xaneiro.

---

A Vogal da Xunta de Goberno do COPG e Coordinadora do GIPCE, Ana Isabel Martínez Arranz, acudiu o 11 de febreiro acompañada de Aurora Rozadilla Arias, membro da Comisión coordinadora do GIPCE, a unha xuntanza co O61 a cal, co obxectivo de revisar o protocolo de colaboración vixente desde 2012.

---

A Decana, M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada, e a Vogal da Xunta de Goberno e Coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias do COPG, Ana Isabel Martínez Arranz, asistiron o 18 de febreiro a unha reunión con representantes da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior da Xunta de Galicia para abordar as liñas do convenio de colaboración para 2013 entre ambas institucións en materia de protección civil.

---

A Decana do COPG, M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada, asistiu ao acto de presentación da Guía de Peritos Xudiciais 2013, editada pola Unión Profesional de Galicia na que o COPG está integrado, que se celebrou en Santiago de Compostela o 21 de febreiro.

---

A Decana do COPG, M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada, participou nos actos de conmemoración da Festividade do patrón da Psicoloxía celebrados o 22 de febreiro na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela.

---



M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada



Ana Isabel Martínez Arranz

## En representación do Colexio

---

O psicólogo do equipo de mediación intraxudicial en Santiago de Compostela do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, Juan Manuel Daponte Codina, participou o 11 e o 17 de xaneiro como docente cadansúa edición do “I Curso de especialización en mediación civil e mercantil”, celebrado na Coruña e organizado polo Colexio de Avogados da Coruña.

---



Juan Manuel Daponte Codina

M<sup>a</sup> Jesús López Cernadas e Isabel M<sup>a</sup> Varela Castiñeiras, Presidenta e Vogal da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, asistiron á reunión do Espazo Dialoga, integrado polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, o Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia e o Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia, celebrada o 25 de xaneiro e que tivo lugar na sede do COPG.

---



M<sup>a</sup> Jesús López Cernadas

## O COPG e o Consejo General de la Psicología

---

A Presidenta da Sección de Psicoloxía Educativa do COPG, Olegaria Mosqueda Bueno, asistiu á reunión da Área de Psicoloxía da Educación do Consejo General de la Psicología, que se celebrou o 12 de xaneiro en Madrid.

---



Olegaria Mosqueda Bueno

A Decana, M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada, asistiu a unha reunión no Consejo General de la Psicología que se celebrou o 12 de xaneiro en Madrid para tratar sobre o Anteproxecto de Lei de Servizos Profesionais.

---

O Vogal da Xunta de Goberno e Coordinador da Sección de PTO do COPG, José Luis Domínguez Rey, asistiu á reunión da Coordinadora da División de Psicoloxía do Traballo, das



José Luis Domínguez Rey

Organizacións e os Recursos Humanos do Consejo General de la Psicología, que se celebrou o 19 de xaneiro en Madrid.

---

O Presidente da Comisión de Ética e Deontoloxía do COPG, José Luis Rodríguez-Arias Palomo, asistiu á reunión de Presidentes de Comisións Deontolóxicas de Colexios Oficiais de Psicólogos, que se celebrou o 2 de febreiro en Barcelona. Tamén asistiu á Mesa Redonda “A práctica profesional dos psicólogos: Demandas e problemáticas actuais en deontoloxía”, organizado polo Col.legi Oficial de Psicòlegs de Catalunya e o Consejo General de la Psicología, que tivo lugar o 1 de febreiro en Barcelona.

---



José Luis Rodríguez-Arias Palomo

A Decana do COPG, M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada, asistiu á reunión da Junta de Gobierno do Consejo General de la Psicología, que se celebrou os días 15 e 16 de febreiro en Madrid.

---

A Presidenta da Sección de Psicología Xurídica do COPG, M<sup>a</sup> Dolores Seijo Martínez, asistiu á reunión da Área de Psicología Xurídica do Consejo General de la Psicología, que se celebrou o 16 de febreiro en Madrid. Tamén asistiu ao VII Congreso Nacional de Psicología Xurídica e Forense, organizado pola Sociedad Española de Psicología Jurídica y Forense, o Colegio Oficial de Psicólogos de Madrid e o Consejo General de la Psicología, que tivo lugar en Madrid do 14 ao 16 de febreiro.

---



Mª Dolores Seijo Martínez

## Celebración do conversatorio “Unha ollada profesional sobre os desafiuzamentos”

O 24 de xaneiro celebrouse no Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal O Ensanche en Santiago de Compostela, cunha grande afluencia de público, o Conversatorio “Unha ollada profesional sobre os desafiuzamentos”.

No acto, que estivo moderado pola Decana do COPG M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada, interviñeron o psicólogo clínico Miguel Anxo



Momento  
do conversatorio

García Álvarez, a avogada Celia Balboa Guerra, o cadrático de economía aplicada Xavier Vence Deza e a representante de Stop Desafuzamentos Compostela María Díaz de Pablo.

Podedes ver o vídeo completo do conversatorio no enlace [www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=754](http://www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=754).

## Celebración da mesa redonda “Confidencialidade: Hai que gardar segredo sempre?”

O 11 de xaneiro celebrouse no salón de actos da Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela a Mesa Redonda “Confidencialidade: Hai que gardar segredo sempre?” organizada pola Comisión de Ética e Deontoloxía do COPG como peche do ano 2012 que no Colexio tivo como lema “Pola Ética”.



Momento da  
mesa redonda



## AVISO

Aquelas persoas colexiadas que teñan inquietudes relacionadas coa fotografía, pintura ou escultura, teñen á súa disposición a sede colexial para expoñer as súas obras.

As persoas interesadas a tal efecto poden contactar coa Administración do Colexio.

Nesta actividade, que tivo unha gran acollida entre os colexiados e colexiadas, contouse coa participación en calidade de relatores do Psicólogo Clínico e membro da Comisión de Ética Asistencial do Hospital Universitario La Paz (Madrid), Javier Barbero Gutiérrez e do Avogado e membro da Comisión de Ética Asistencial do Complexo Hospitalario Universitario de A Coruña, José Antonio Seoane Rodríguez.

## O Colexio nas redes sociais

O COPG xa está presente nas principais redes sociais. De seguido se reproducen os enlaces de acceso ás mesmas:

**f Facebook:** <https://www.facebook.com/pages/Colexio-de-Psicolox%C3%ADa-de-Galicia/272841862843280?ref=hl>

**t Twitter:** [www.twitter.com/copgalicia](http://www.twitter.com/copgalicia) / @copgalicia

**in LinkedIn:** <http://www.linkedin.com/groups/Colexio-Oficial-Psicolox%C3%ADa-de-Galicia-4811703/about>

## Reunión coa Sociedade Galega de Neuropsicoloxía

A Decana do COPG, M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada, e o Presidente da Sección de Psicoloxía Clínica, Xavier Sardiña Agra, mantiveron o 29 de xaneiro na sede do COPG unha reunión con representantes da Sociedade Galega de Neuropsicoloxía. Dita reunión tivo como eixo central a presentación no COPG da Sociedade e a posibilidade de colaboracións entre ambas entidades.

## Reunión coa Asociación A.N.D.R.E.A

A Decana do COPG, M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada, mantivo o 5 de febreiro na sede do COPG unha reunión con representantes da Asociación Nacional para a Defensa, Recuperación e Estudio

Terapéutico da Especie Asnal (A.N.D.R.E.A.). Dita reunión tivo como eixo central a presentación no COPG das actividades que en terapia asistida con animais está a levar a cabo dita Asociación así como a posibilidade de colaboracións entre ambas entidades.

## **División de Psicología Educativa e División de Psicología Xurídica do Consejo General de la Psicología**

O Consejo General de la Psicología creou a División de Psicología Educativa e a División de Psicología Xurídica para unificar, a nivel nacional, o ámbito profesional de intervención que lles é propio. O obxectivo que perseguen ambas divisións é coordinar, integrar e desenvolver as actividades científico-profesionais das persoas colexiadas especializadas nas devanditas áreas.

Para ser membros ordinarios dalgunha das dúas divisións deberedes cumprir os seguintes requisitos: Estar colexiado/a, satisfacer a cota de inscrición, se a houbese (nestes momentos a inscrición é gratuíta), non estar incurso en sanción que leve aparelada a súa inhabilitación no Colexio e presentar a solicitude de incorporación pertinente.

No caso da inscrición na División de Psicología Educativa informámosvos que se queredes participar no proceso electoral deberedes ser membros ordinarios da División antes do vindeiro 16 de marzo de 2013.

Podes atopar máis información nos enlaces:

División de Psicología Educativa: <http://www.cop.es/index.php?page=PE-Informacion>.

División de Psicología Xurídica: <http://www.cop.es/index.php?page=COP-PsJ>.

### **Achegas da Psicología 2013. Premio “Dolores Llópez. Psicología e sociedade”**

O vindeiro 3 de maio de 2013 terá lugar unha nova edición do encontro Achegas da Psicología, que este ano temos previsto celebrar en Allariz (Ourense).

Enviarase a información oportuna e programa da celebración do evento.

## INFORMACIÓN DAS SECCIÓN

A información que aparece neste apartado é elaborada e remitida por cada *Sección*, *Comisión* ou *Grupo de Traballo* do COPG tendo como data límite o 15 de cada mes par.



### SECCIÓN DE PSICOLOXÍA CLÍNICA

#### Formación

##### □ Curso *Formación en Psicología Sanitaria*

Desde o pasado novembro ata o vindeiro xuño de 2013 estase a desenvolver no Salón de Actos do COPG o Curso “Formación en Psicología Sanitaria”. Cunha duración de 300 horas, está sendo impartido por un grupo de Psicólogos/as Clínicos/as coordinados polo tamén Psicólogo Clínico, **José Eduardo Rodríguez Otero**. Está orientado a aportar aos Colexiados e Colexiadas os coñecementos e aptitudes acorde as obrigas que supón o desenvolvemento de actividade profesional sanitaria: Lexislación, deontoloxía, psicopatoloxía, uso das guías clínicas, avaliación psicolóxica, intervención psicolóxica, psicofarmacoloxía, psicología da saúde e principios de investigación.



Momento do curso

A Sección está traballando na programación dos vindeiros cursos. Neste momento podemos adiantar a seguinte información que poderedes atopar ampliada e actualizada no apartado de novas da Sección de Psicología Clínica da páxina web do Colexio:

##### □ Curso *Terapia con adolescentes ¿Cómo crear alianzas terapéuticas con clientes/as, obrigados/as, reticentes, ausentes ou en conflito?*

Será impartido os vindeiros 3 e 4 de maio en Santiago de Compostela por **Valentín Escudero Carranza**, Profesor Titular do Departamento de Psicología da Universidade da Coruña e coordinado por **Áurea Losada Quinteiros**, Vogal da Xunta Directiva da Sección de Psicología Clínica do COPG.

##### □ Curso *Intervención en docentes con enfermidade física crónica*

Impartido por **Jorge García Fernández**, Especialista da Área de Psicología Clínica do Complexo Hospitalario Universitario A Coruña e coordinado por **Xavier Sardiña Agra**, Presidente da

Sección de Psicoloxía Clínica do COPG, terá lugar o 6 e 7 de xuño na Coruña.

Dentro da política de fomentar a participación na actividade da Sección solicitamos expresamente a todos os membros da mesma, invitación tamén extensa ao resto dos colexiados e colexiadas, que envíen un correo electrónico ao COPG co asunto “Proposta de curso para a Sección de Psicoloxía Clínica” cun listado de aqueles temas sobre os que consideredes de interese formarse. Desde a Directiva da Sección desexamos que esta participación sexa alta, para tanto poder dar axeitada resposta ás demandas reais de formación como para unha axeitada organización de actividades.

### Revista oficial da Sección

Os Anuarios de Psicoloxía Clínica publicados ata o momento pódense consultar no apartado de publicacións da Sección de Psicoloxía Clínica na páxina web do Colexio no enlace: [www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=40](http://www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=40).

Nos vindeiros números haberá un apartado de casos clínicos. Querémosos animar a que nos fagades chegar os vosos traballos para a súa publicación en formato word a través do correo electrónico do COPG, indicando que vai dirixido ao Anuario da Sección de Psicoloxía Clínica.

*Enlace ao apartado da Sección de Psicoloxía Clínica da páxina web do COPG: [www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=36](http://www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=36)*



## SECCIÓN DE PSICOLOXÍA EDUCATIVA

---

### Información

Os días 15 e 16 de febreiro celebrouse no Colexio O Castro International School de Vigo o Curso “Titoría entre iguais. Programa TEI”, presentado ás familias e profesorado do centro. A nosa participación foi como invitadas polo presidente da Sección de Educativa do COP Catalunya, **Andrés González Bellido**.

## AVISO

---

### Rexistro de psicólogos/as especialistas en Psicoloxía Clínica

O COPG creou un rexistro de psicólogos/as especialistas en Psicoloxía Clínica para dar cumprimento ao estipulado no Real Decreto que crea e regula a Especialidade de Psicoloxía Clínica (Real Decreto 2490/1998 do 20 de novembro) e da Lei de Ordenación das Profesións Sanitarias (Lei 44/2003 de 21 de novembro).

Todas aquelas persoas colexiadas que teñades acadado esta titulación do Ministerio e aínda non o presentastes no COPG, tedes que aportar unha copia compulsada do título de especialista para incorporala ao voso expediente e quedar debidamente anotado no citado rexistro de especialistas. Para máis información contactar coa administración do COPG.

De acordo coa normativa vixente, a colexiación é obrigatoria para o exercicio da profesión, e en consecuencia as persoas que non estean colexiadas non poderán exercer como psicólogos e psicólogas.

O obxectivo do programa TEI é favorecer a convivencia na comunidade educativa dos centros de forma preventiva e non so actuando de forma puntual cando se presenta un problema. O alumnado de cursos superiores titoriza ao alumnado de cursos inferiores, previa formación sobre conceptos básicos como violencia, acoso ou bullying e dándolles unhas pautas de actuación. O titor/ora é un referente de integración do alumnado con menos competencias emocionais.

Dámoslle as grazas a **Andrés González Bellido** pola súa invitación e pola súa interesante labor xa posta en marcha na súa comunidade autónoma.

*Enlace ao apartado da Sección de Psicología Educativa da páxina web do COPG: <http://www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=191>*



## SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DA INTERVENCIÓN SOCIAL

---

### Formación

A fin de revisar os criterios diagnósticos clínicos actualizados das principais demencias neurodexenerativas e discutir protocolos de avaliación cognitiva específicos, os días 8 e 9 de febreiro celebrouse na Facultade de Psicología da Universidade de Santiago de Compostela o Curso “Actualización en diagnóstico e intervención en demencias neurodexenerativas”.

Foi coordinado por **Isabel González-Abraldes Iglesias**, Vogal da Xunta Directiva da Sección de Psicología da Intervención Social do COPG e impartido por **Raquel Sánchez del Valle Díaz** e **Magdalena Castellví Sampol**, Médica e Psicóloga respectivamente, que traballan como Especialistas na Unidade de Alzheimer e outros trastornos cognitivos do Servizo de Neuroloxía do Hospital Clínic de Barcelona.



Momento do curso

## Marea Laranxa

O Espazo Dialoga, integrado polo Colexio Oficial de Educadoras e Educadores de Galicia, o Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, presentou a **Marea Laranxa** en Galicia o 19 de xaneiro en Santiago de Compostela.

A **Marea Laranxa** é unha campaña de protesta polos recortes que están levando a cabo as administracións nos Servizos Sociais. É **Laranxa** porque é a cor con que nos identificamos e é **Marea** porque cada vez somos máis os que denunciemos que as políticas de recortes están xerando unha exclusión e acabando coa cohesión social. A campaña consiste en levar unha camiseta laranxa co logotipo de protesta.

Animámosvos a enviar suxestión, a través do enderezo electrónico do COPG, e tamén invitamos a visitar a páxina web do Colexio no apartado de documentación da Sección para ir coñecendo nova normativa que vai saíndo e que consideramos importante para o exercicio da profesión.

*Enlace ao apartado da Sección de Psicoloxía da Intervención Social da páxina web do COPG:  
[www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=63](http://www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=63).*



## SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DO TRABALLO E DAS ORGANIZACIÓNS

### A norma ISO 10667: Liñas de actuación

Como informamos en anteriores circulares, estase levando a cabo a adaptación da “Norma ISO 10667: Avaliación de persoas en contextos laborais”, tarefa ao amparo dun convenio de colaboración entre AENOR e o Consejo General de Psicología, e en cuxa execución están presentes representantes de empresas, consultoras, universidades, centrais sindicais, editores de test e colexios profesionais. A citada adaptación publicárase oficialmente en breve e, por tanto, a súa aplicación será efectiva para as organizacións.



Intervención de José Muñiz na sesión informativa sobre a Norma ISO o pasado setembro



## Afiliación na División PTORH

A afiliación como membro ordinario da División de Psicoloxía do Traballo, das Organizacións e dos Recursos Humanos segue aberta sen data límite. Invítase aos colexiados e colexiadas do COPG a inscribirse na mesma. Podes tramitar a túa inscrición no enlace [www.cop.es/ptorh/](http://www.cop.es/ptorh/).



Momento do curso “Psicoloxía criminal, risco e perfilación psicolóxica”

A División PTORH vai a realizar unha serie de accións para posicionar e destacar o papel do psicólogo e psicóloga do traballo como profesional referente para as tarefas de implantación e asesoramento da Norma ISO 10667. No mes de marzo no marco de tales accións celebrárase un seminario no que estarán presentes representantes de todos os colexios territoriais, que debaterán sobre o contido da norma e planificarán distintas liñas de actuación futuras. A Sección informará sobre as liñas de actuación que establece a División.

## O Rol da psicoloxía na prevención de riscos laborais

O vindeiro 9 de marzo, celebrárase na aula 10 da Facultade de Psicoloxía da USC un foro para debater sobre os mecanismos de prevención de riscos laborais. O foro está organizado pola Sección de PTO en colaboración co Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA) da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia e contará coa presenza de **M<sup>o</sup> Jesús Copa Arias**, responsable da Sección de Ergonomía e Psicosocioloxía Aplicada do ISSGA que impartirá a conferencia “Psicosocioloxía aplicada as condicións de traballo”. Posteriormente celebrárase unha mesa redonda entre os asistentes ao foro.

*Enlace ao apartado da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións da páxina web do COPG: [www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=81](http://www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=81).*



## SECCIÓN DE PSICOLOXÍA XURÍDICA

---

### Formación

O 22 e 23 de febreiro celebrouse na Facultade de Psicoloxía da USC o Curso “Psicoloxía criminal, risco e perfilación psicolóxica” impartido polo Profesor e Doutor en Psicoloxía da Universidade de Barcelona **Miguel Ángel Soria Verde**.

Deuse a coñecer os principios teóricos e aplicados da psicoloxía de investigación criminal susceptibles de ser utilizados na práctica forense.

## Actividades previstas

Dando continuidade á formación especializada, os vindeiros 22 e 23 de marzo terá lugar un Curso sobre neuropsicoloxía forense impartido polo Doutor en Psicoloxía **Adolfo Jarne Esparcia** da Universidade de Barcelona e dirixido só aos membros da Sección de Psicoloxía Xurídica do COPG.

## Informacións

□ Do 14 ao 16 de febreiro celebrouse en Madrid a VII Edición do congreso internacional de psicoloxía xurídica e forense organizado pola Sociedad Española de Psicología Jurídica y Forense (SEPJF) y el Colegio Oficial de Psicólogos de Madrid. O evento contou con máis de 500 profesionais, tendo que pechase a inscrición con dous meses de antelación e seleccionando o Comité Científico 231 participacións (conferencias, comunicacións, simposios, expertos). As áreas temáticas nas que se centrou esta edición foron: Victimoloxía, psicoloxía xurídica do menor, psicoloxía xurídica da familia, testemuña, psicoloxía penitenciaria, xustiza xuvenil e ética e deontoloxía. O noso Colexio estivo representado pola Presidenta da Sección, **M<sup>a</sup> Dolores Seijo Martínez**, que foi convidada a participar no Comité Organizador, acompañada dunha nutrida lista de colexiados/as.

Podedes atopar toda a información correspondente a este congreso no enlace: [www.usc.es/congresos/congresosepjf/](http://www.usc.es/congresos/congresosepjf/).

□ Con motivo do cambio da Lei 37/1992, de 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE), informámosvos que é obrigatorio aplicar este xuro aos informes periciais.

*Enlace ao apartado da Sección de Psicoloxía Xurídica da páxina web do COPG: [www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=219](http://www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=219).*



## GRUPO DE INTERVENCIÓN PSICOLÓGICA EN CATÁSTROFES E EMERXENCIAS (GIPCE)

### Informacións

#### ▣ *Reunión do Grupo de Gardas*

O pasado 15 de decembro tivo lugar na sede do Colexio a reunión anual do Grupo de Gardas do GIPCE. Nesta reunión revisáronse e traballaron as chamadas recibidas de solicitude de intervención por parte do 112, alertas, posibles intervencións, dificultades na coordinación acontecidas durante o ano 2012.

#### ▣ *Xornadas sobre intervencións do GIPCE*

O 16 de febreiro celebrouse unha xornada sobre as intervencións que fixo o GIPCE durante o 2012. Tamén houbo un espazo para informarnos sobre nocións de deontoloxía nas intervencións do Grupo, impartida por **Rocío García Calvo**, membro da Comisión de Ética e Deontoloxía do COPG.

A xornada aproveitouse tamén para facer por primeira vez unha reunión cos integrantes do GIPCE asistentes. Esta reunión terá carácter anual e a súa finalidade será a de informar directamente sobre temas de interese interno, recoller propostas e solventar dúbidas.



Momento da Xornada

## □ Reunión co O61

Mantivemos unha reunión cos responsables do O61 o pasado 11 de febreiro para revisar o protocolo de colaboración que temos en marcha desde marzo do ano pasado. Nesta reunión examinamos a execución do protocolo desde a súa posta en funcionamento ata agora e acordouse o procedemento a seguir nas situacións nas que se detecte algún problema.

## Grupo de traballo para a elaboración da Guía de Autoaxuda para Intervinentes en situacións de emerxencia

No mes de decembro constituíuse o grupo que se encargará de elaborar esta guía. Está coordinado por **Elena González Cid** e formado tamén por **Isabel Vázquez Prado**, **Fátima López Rodríguez**, **José Manuel Campal Fernández** e **Mª Jesús Lillo Montes**, todos eles membros do GIPCE.

## Grupo de traballo de intervención en centros escolares

Dado que nos últimos dous anos a demanda de intervención por parte do GIPCE neste ámbito foi en aumento consideramos oportuno elaborar unha guía interna de intervención. O grupo estará coordinado por **Olegaria Mosqueda Bueno** e **Concepción López Martín** e formado ademais por **Avelina Senra Comesaña**, **Julita Mª Touriño Araújo**, **Mª Carmen Patiño García** e **Mª Leonor Galiana Caballero**, todas membros do GIPCE.

## Tríptico do GIPCE

Xa está impreso e listo para a súa difusión nas vindeiras semanas o tríptico informativo sobre o Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias do COPG. Este folleto informativo será enviado a distintos organismos e institucións coa finalidade de dar a coñecer a dispoñibilidade deste recurso tan específico e o seu funcionamento.


*Enlace ao apartado do GIPCE na páxina web do COPG:*  
[www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=203](http://www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=203)

## AVISOS E ANUNCIOS

Este é un espazo grauíto reservado para que os colexiados e colexiadas poidan inserir anuncios por palabras, sobre aluguer, compra-venda, ou para compartir despachos profesionais.

- Os anuncios enviaranse á Administración do COPG antes do día 15 de cada mes par.
- O número máximo de palabras por cada anuncio será de 50.
- Para calquera información consultar coa Administración do COPG.

Exemplo: “Alúgase despacho de psicoloxía a tempo parcial ou completo de 20 m<sup>2</sup> na Rúa Santa Margarita, 35. Santiago de Compostela. Tfno.: 981 000 000”.



## GRUPO DE TRÁFICO E SEGURIDADE

### Sesión formativa

Debido ao interese que despertou a última **sesión formativa** “A atención psicolóxica despois dos accidentes de tráfico”, levada a cabo no pasado mes de novembro na sede do Colexio e impartida por **José Ramón García Gómez**, Experto en atención psicolóxica e membro do GIPCE, valorouse a necesidade de afondar máis neste campo de intervención así como no tema da avaliación diagnóstica e tamén na valoración das demencias no ámbito psicotécnico.



Momento da sesión formativa do pasado mes de novembro

Así durante este ano 2013, téñense previsto realizar sesións formativas relacionadas cos temas anteriormente citados. Comezaremos cunha primeira **sesión sobre demencias e alzheimer** prevista para o 16 de marzo, a cargo de **Juan Bonome Rodal**, Psicólogo con ampla experiencia neste eido.

### I Congreso de camiños escolares de Galicia

O Grupo de Tráfico e Seguridade do COPG foi invitado a participar no I Congreso de camiños escolares de Galicia, organizado polo Concello de Ourense. Presentouse a comunicación “Autonomía infantil no proceso de aprendizaxe” no contexto da seguridade viaria. No congreso presentáronse diversas alternativas de planificación da seguridade viaria, como por exemplo o Plan de seguridade viaria de Pontevedra, premiado recentemente en Europa.

### Programa SEVIME

Continuamos colaborando cos Policías locais de Pontevedra e Vigo en sendos programas de intervención con menores penados por delitos relacionados co tráfico rodado.

### Informacións

O INTRAS e o CNAE xa teñen preparada a actualización para Psicólogos-formadores para todas as persoas que realizaran o curso INCOVÍA antes de decembro de 2010. Polo que temos constancia non é necesaria esta actualización para seguir dando

os cursos do carné por puntos. O prezo do curso son noventa euros ademais dos gastos que implican os desprazamentos a Madrid ou Valencia. O citado programa consiste básicamente en poñer en coñecemento as nosas experiencias e intercambiar opinións de carácter profesional e poñer puntos en común. Desde a Comisión temos en conta que no suposto de que nalgún momento fora esixible esta actualización para continuar impartindo os cursos, sempre poderíamos solicitar a súa realización en Galicia, tal e como tamén van facer os monitores. Polo momento, alomenos os membros da Comisión, desbotamos totalmente a realización destas actualizacións.

*Enlace ao apartado do Grupo de Tráfico e Seguridade na páxina web do COPG: [www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=123](http://www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=123).*

G-4515	De Souza, Samanta Eliza	<b>ÚLTIMOS COLEXIADOS E COLEXIADAS DE GALICIA</b>
G-4712	Fernández Villanueva, Martín	
G-4713	Martínez Rodríguez, María José	
G-4714	Fernández Lamas, Alexandre	
G-4715	López Becerra, María Cruz	
G-4716	Osorio Moure, María Mercedes	
G-4717	Lois Diz, Carlota	
G-4718	Vila García, Carlos	
G-4719	Sala Oro, Gemma	
G-4720	Gómez Arias, Sabela	
G-4721	Real Lema, Lara	
G-4722	Penabad Calvo, Jorge	
G-4723	San Miguel López, Estefanía	
G-4724	Fernández Revalderia, Alba	
G-4725	Martínez Almanzar, Yelida Atalia	
G-4726	González Rodríguez, M <sup>a</sup> del Mar	
G-4727	Castro Villar, Irene	
G-4728	Herrán Hermida, Verónica	
G-4729	Cabarcos Lamas, Nerea	
G-4730	Gil Mariño, Patricia	
G-4731	Casal Costoya, Cristina	
G-4732	Bello Rey, María del Pilar	


## A Autonomía informativa

A organización xurídico-política e a fundamentación ética das sociedades occidentais contemporáneas non se poden explicar sen a autonomía, isto é, sen unha concepción dos seres humanos como axentes morais e artífices dos seus propios pensamentos, decisións e accións. No ámbito sociosanitario a comparecencia da autonomía dá lugar a un novo modelo de relación clínica e de definición da saúde onde a facultade de elixir dos pacientes ocupa un lugar sobranceiro, a diferenza do modelo paternalista dos séculos anteriores.

A expresión máis coñecida da autonomía é a teoría do consentimento informado, froito dunha evolución ética e xurídica representada hoxe pola Lei básica de autonomía do paciente (Lei 41/2002, do 14 de novembro). Por esta razón adoitase identificar a devandita autonomía dos pacientes co consentimento informado. Porén, a autonomía non consiste unicamente na liberdade de elección. Xunto á autonomía decisoria cómpre sinalar outras dúas dimensións: a autonomía funcional e a autonomía informativa.

Deliberar e decidir algo é distinto de executar tal decisión. A autonomía funcional refírese á liberdade de acción, que consiste na capacidade para realizar por un mesmo as decisións adoptadas. A discapacidade e a dependencia, e máis o aumento das enfermidades crónicas e as necesidades de saúde aparelhadas a elas aconsellan diferencias a autonomía decisoria e a autonomía funcional, pois atinxen a áreas diversas e merecen respostas éticas, xurídicas e sociais distintas (Pénsese nunha persoa con alzheimer ou nunha persoa con tetraplexia, que poden adoptar decisión de xeito autónomo máis non levalas á práctica por si mesmas, sen un sistema de apoios acaído).

A terceira dimensión é a autonomía informativa, é dicir, o poder do paciente para dispor e controlar a súa información de carácter persoal, quer íntima ou privada, quer pública, de xeito que poda decidir por si mesma cando e en que condicións procede revelar datos ou situacións referidos á súa propia vida e saúde. Trátase dun fenómeno recente, paralelo ao aumento da circulación e do valor da información persoal. Exemplo da



importancia da autonomía informativa é o seu rango de dereito fundamental, coa denominación de “dereito fundamental á protección de datos persoais” (Sentenzas do Tribunal Constitucional 209/2000 e 292/2000, do 30 de novembro), desenvolvido na lexislación de protección de datos de carácter persoal (Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, e Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro) e tamén na lexislación sanitaria por medio da devandita Lei de autonomía do paciente e, no caso galego, da Lei de consentimento informado e da historia clínica (Lei 3/2001, do 28 de maio, modificada pola Lei 3/2005, do 7 de marzo), e Lei de saúde de Galicia (Lei 8/2008, do 10 de xullo) ou o máis específico Decreto 29/2009, do 5 de febreiro, polo que se regula o uso e acceso á historia clínica electrónica.

A autonomía informativa confirma o novo modelo de relación clínica e fornece un modo de deliberación sobre os problemas relacionados co segredo profesional, a intimidade dos pacientes e a confidencialidade da información a través do manexo harmónico de cinco principios éticos: 1) Finalidade, 2) autonomía, 3) proporcionalidade, 4) confidencialidade e 5) calidade. Analizar a xustificación ética do dereito dos profesionais á reserva das súas anotacións subxectivas, determinar se existen argumentos para negar o acceso dun usuario á súa historia clínica ou fundamentar as excepcións ao deber de segredo profesional e establecer os seus requisitos son algunhas das cuestións nas que muda a resposta tradicional e xorden novos criterios éticos para abordalas.

Para alén, a autonomía informativa reforza un dos piares da relación clínica, a confianza. Confidencialidade e confianza comparte orixe etimolóxica (*cum fides*) e fundamentan unha relación participativa e incluínte, na que paciente e psicólogo/a cooperan co propósito compartido do coidado da saúde.

José Antonio Seoane Rodríguez  
*Profesor Titular de Filosofía do Dereito*  
*Universidade A Coruña*

## CURSOS, XORNADAS E CONGRESOS

### Servizo de Información de interese para os colexiados e colexiadas

O COPG non asume –salvo nos casos en que sexa o organizador– nin o contido nin a metodoloxía dos Cursos.

Podedes consultar os Cursos, Xornadas e Congresos que non son organizados polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia no apartado de Formación Externa no seguinte enlace da páxina web do COPG:

[www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=1](http://www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=1)

### VINDEIRAS ACTIVIDADES FORMATIVAS DO COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA

#### XORNADAS "EDUCACIÓN SEXUAL: UNHA NOVA MIRADA"

*Datas:* 15 e 16 de marzo de 2013

*Lugar:* Aula 10 da Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago

*Organiza:* Sección de Psicoloxía Educativa do COPG

#### CURSO "TERAPIA FAMILIAR CON ADOLESCENTES ¿CÓMO CREAR ALIANZAS TERAPÉUTICAS CON CLIENTES/AS OBRIGADOS/AS, RETICENTES, AUSENTES OU EN CONFLICTO?"

*Datas:* 3 e 4 de maio de 2013

*Lugar:* Aula 10 da Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela

*Organiza:* Sección de Psicoloxía Clínica do COPG.

#### CURSO "INTERVENCIÓN PSICOLÓXICA NA ENFERMIDADE FÍSICA CRÓNICA"

*Datas:* 7 e 8 de xuño de 2013

*Lugar:* Salón de Actos do Hospital Marítimo de Oza (A Coruña)

*Organiza:* Sección de Psicoloxía Clínica do COPG

Colexio Oficial de  
Psicología de Galicia



Rúa da Espiñeira, 10-Baixo  
15706 Santiago de Compostela  
Tfno.: 981 534 049  
Fax: 981 534 983  
copgalicia@cop.es  
www.copgalicia.es

**HORARIO**

De luns a xoves de 9 a 14 horas  
e de 16 a 21 horas, e os venres  
de 9 a 14 horas

**Membro da EFPA**

Federación Europea de  
Asociacións Profesionales  
de Psicólogos

mpo

D.L.: C 264-2008

ollarse